

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 25 DE NOVEMBRO DE 2010

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e cinco de novembro de dous mil dez, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, dona M^a Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parceros Rial, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM); e dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita.

Non asiste, con escusa, don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 26 de agosto de 2010 e sesión ordinaria do día 30 de setembro de 2010

O Sr. presidente concede a palabra á secretaria da corporación, quen lembra que dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, na última sesión ordinaria do pleno da corporación que tivo lugar no mes de outubro, pediu que se revisara a acta do pleno ordinario do día 26 de agosto, para comprobar se faltaba unha intervención despois do punto de “Rogos e preguntas”. Unha vez escoitada a grabación comprobouse que non faltaba nada e a transcripción era correcta.

A continuación, o Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 26 de agosto de 2010 e sesión ordinaria do día 30 de setembro de 2010.

Non se formulan alegacións polo que, a corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores.

2º Proposta de Alcaldía respecto do nomeamento de representantes da corporación nos consellos escolares

Vista a proposta de Alcaldía de data 16 de novembro de 2010.

Visto o ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Economía e Emprego de data 23 de novembro de 2010.

A secretaria da corporación lembra que a proposta de Alcaldía foi modificada antes do seu ditame pola comisión informativa, para eliminar a referencia a un representante na escola de educación infantil de Bribes, dado que esta escola xa está pechada.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e abstéñense os seis concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Nomear representantes aos concelleiros que igualmente se indican:

- Escola de educación infantil de Cecebre: Dona M^a Ángeles Míguez Mouzo
- Escola de educación infantil de Pravio: Dona M^a Ángeles Míguez Mouzo
- Escola de educación infantil de Sta. M^a de Vigo: Dona M^a Ángeles Míguez Mouzo
- Centro de educación infantil e primaria Emilio González López (Brexo): Dona M^a Ángeles Míguez Mouzo
- Centro de educación infantil e primaria Graxal II (O Graxal-O Temple): Dona M^a Ángeles Míguez Mouzo
- Centro de educación infantil e primaria Portofaro (O Temple): Don José Francisco Parcero Rial
- Centro de educación infantil e primaria Gonzalo Torrente Ballester (Sigrás): Dona Gumersinda Becerra Montes
- Centro de educación infantil e primaria Wenceslao Fernández Flórez (Cambre): Don Antón Otero Domínguez

Segundo: Notifíquese aos diferentes centros educativos para os efectos oportunos.

3º Proposta de aprobación de expediente de modificación de crédito: Suplemento de crédito número 3/2010

Vista a proposta de Alcaldía de data 19 de novembro de 2010.

Visto o ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 23 de novembro de 2010.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo, vendo o que se ten presentado, interpretan que houbo bastante desorde na elaboración e na aprobación dos orzamentos, cren que foi rápida e precipitada. Non houbo unha previsión de fondos para afrontar os gastos que veñen hoxe ao pleno, sobre todo no que se refire ás obras do FEIL, que son sobre 65.000 euros, e que están reflectidos bastante xenericamente. Por outra banda, inclúense algo máis de 55.000 euros para a prórroga do mantemento de xardíns e que eles nestes momentos non saben en que situación está ese contrato, se xa está un novo elaborado, xa que tiña quedado deserto, ou se aínda están a elaboralo.

Por outra parte, di que son conscientes de que as empresas que realizaron os traballos teñen que cobrar, pero como iso é responsabilidade do goberno, o seu grupo vai manter o voto de abstención.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo tamén mantén o voto de abstención, por diferentes motivos, entre eles, porque nestes momentos o que terían é que estar falando xa dos novos orzamentos, que a estas alturas terían que estar xa practicamente feitos e aprobados.

Tendo en conta o anterior, así como o que pensan de moitas das outras cousas nas que cambian o crédito, o seu grupo vai absterse.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e abstéñense os seis concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito por suplemento de crédito número 3/2010 por importe de 191.125,66 euros, co seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria		Créditos anteriores	Suplemento de crédito	Créditos definitivos
161.619	Outras obras saneamento e fornecemento	1.135.744,17	65.500,00	1.201.244,17
165.22100	Subministración enerxía eléctrica	385.000,00	7.022,41	392.022,41

171.22709	Conservación de xardíns	347.177,50	55.507,04	402.684,54
334.202	Aluguer de local	4.000,00	1.709,60	5.709,60
342.622	Investimentos en instalacións deportivas	642.139,39	53.938,57	696.077,96
920.622	Edificios municipais	211.523,19	7.448,04	218.971,23
	Totais	2.725.584,25	191.125,66	2.916.709,91

Correspondente aos seguintes proxectos de investimento:

Aplicación orzamentaria	Aumento	Proxecto afectado	
161.619	65.500,00	10-4-161000	Outros investimentos saneamento e fornecemento
342.622	53.938,57	04-2-452000	Campo de fútbol de herba sintética
920.622	7.448,04	07-2-121003	Local Brigada de Obras

A devandita modificación financiarase por importe de 86.000,00 euros con baixas nas seguintes aplicacións orzamentarias:

Aplicación orzamentaria		Créditos anteriores	Baixas	Créditos definitivos
011.310	Xuros	203.652,91	80.000,00	123.652,91
336.22608	Actividades Museo de Cambre	10.000,00	6.000,00	4.000,00
	Total	213.652,91	86.000,00	127.652,91

E o importe restante, 105.125,66 euros con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

4º Aprobación, se procede, do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS 2011

Vista a proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Obras e Servizos, Participación Cidadá e Turismo de data 19 de novembro de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Medio Ambiente, Obras e Servizos de data 23 de novembro de 2010.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que van manter o seu voto de abstención, porque son obras que son boas para Cambre, como poden selo calquera outras, pero non foron consensuadas, senón que é unha decisión do goberno, polo que se van abster.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo comparte en gran medida o informe presentado, a necesidade de execución desas obras, como non podía ser doutra maneira, xa que algunhas delas foron iniciativas de EU-IU, sobre todo a recuperación de fontes e lavadoiros, así como a seguridade viaria do camiño de Socampo. Di que aínda así, hai que recoñecer que Cambre ten multitude de necesidades, neste caso correspóndelle ao goberno municipal marcalas, e agardan que nun futuro vaian outras necesidades que o seu grupo ten proposto en distintos plenos. Conclúe dicindo que van votar a prol.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que lle gustaría facer unha pequena explicación do proxecto. Di que xa explicou o outro día que cos pouco máis de 400.000 euros non se poden cubrir todas as demandas, todas as necesidades e todas as carencias que ten o concello, pero intentaron barallar unha serie de criterios, unha serie de peticións e unha serie de necesidades que vían, sacándoas tanto das propostas que todos os grupos teñen realizado nalgún momento, sobre todo nos últimos tempos, das demandas veciñais que teñen recollidas vía rexistro municipal ou de palabra, e tamén dos propios informes que os técnicos municipais teñen feito, tamén nos últimos tempos, sobre as cuestións que deberían ser abordadas de maneira prioritaria.

Di que conxugando todo iso, e sumándolle dúas cuestións que sería unha esa primeira necesidade ante a demanda que vén de diferentes peticións, e outra a viabilidade, porque non todo o que é necesario ás veces é viable conseguilo, por titularidade dos terreos, porque se necesitan autorizacións que non está na súa man conseguir, etc., a partir de aí elaboraron unha serie de propostas que están definidas por catro criterios:

- un deles atender a necesidades de mellora da seguridade viaria. Parécelles fundamental ir abordando solucións nese campo
- por melloras medioambientais, e para iso van algunhas intervencións en redes de saneamento
- por recuperación patrimonial, e de aí o tema das dúas fontes, nas que ademais hai compromiso cos veciños desas zonas para facelo
- e, por outro lado, a mellora no mantemento do que son as vías municipais.

Di que son catro proxectos en total, tres principais e un complementario. Dentro dos principais gustaríalle destacar que dúas das intervencións moi próximas á capital municipal, son a mellora da rúa Socampo, da baixada dende Pumar Méndez ata pouco

máis adiante de onde se desvía a estrada de acceso ao campo de fútbol e ao cemiterio. Di que é unha estrada que ten problemas importantes, sobre todo por culpa das gabias, nalgúns puntos moi profundas, que a fan estreita tanto para vehículos como para peóns.

Un caso similar, e máis grave polo crecente uso que se está facendo dela, é a estrada a Lendoiro, que vai dende a estrada provincial, dende onde está a fábrica de Molduras del Noroeste, cara ao cemiterio e ao campo de fútbol recentemente arraxado. Esa estrada estase utilizando como vía alternativa, ten moitísimo tránsito de circulación cara a Oleiros, está un club de tenis, o propio campo de fútbol, o cemiterio, hai empresas, e o tráfico crecente faina moi perigosa, porque é un sitio por onde vai moita xente a pé, e moito tránsito de vehículos. Con esa intervención van gañar unha media de 2 ou 3 metros de largo, en forma de beiravías, o cal facilitará moito máis o tránsito.

Continúa dicindo que este proxecto se complementa coa ampliación da rede de saneamento tamén nesa zona, entre o comezo da rúa Lendoiro e a urbanización da Barcala, para darlle servizo a todas aquelas vivendas que hai ao lado dereito, segundo se baixa, e que ata este momento tiñan problemas.

Conclúe dicindo que este é un pequeno resumo e que agradece que os grupos, co voto favorable ou mesmo coa abstención, faciliten a aprobación deste punto. Trátase dunha acción que non executarán dende o actual goberno municipal, xa que entre que a Deputación o aprobe e comunique será o novo goberno o que teña isto nas súas mans para executar e, dende logo, di que este goberno municipal vai quedar moi satisfeito de deixar este instrumento técnico, coa dotación financeira, para que o próximo goberno o poida executar e que de aquí a un ano todas esas melloras poidan ser aproveitadas polos veciños e veciñas de Cambre.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita, e abstéñense os seis concelleiros presentes do PP e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por trece votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2011, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obra:

Denominación da obra	Estado+Deputación	Concello	Presuposto total
Renovación de firme nos	100.205,40	7.542,34	107.747,74

camiños de San Bartolomé-Armental e outros, Cambre			
Seguridade viaria rúas Lendoiro e Socampo e saneamento na CP-1706 na Barcala	185.971,25	13.997,84	199.969,09
Rehabilitación das fontes do Toural e do Souto	60.267,55	4.536,27	64.803,82
SUBTOTAL OBRAS	346.444,20	26.076,45	372.520,65

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2011 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	41.929,27
---	-----------

C) Resumo:

Denominación da obra	Estado+Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	346.444,20	26.076,45	372.520,65
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	41.929,27	0	0
TOTAL	388.373,47	26.076,45	372.520,65

Segundo: Aprobar o Plan complementario do ano 2011 no que se inclúe a obra que a continuación se indica e aprobar o correspondente proxecto:

Denominación da obra	Presuposto
Renovación de firme no Camiño de Cela-Canal, Cambre	79.648,09
TOTAIS	79.648,09

Terceiro: Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto: Comprométese o Concello a incluír no orzamento municipal do 2011 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2011.

Quinto: Solicitar á excma. Deputación provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se prodúcese efectivamente.

Sexto: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

Sétimo: Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Oitavo: Facultar expresamente ao Sr. alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

5º Aprobación, se procede, do I Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Cambre 2011-2015

Vista a proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Obras e Servizos, Participación Cidadá e Turismo de data 17 de novembro de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Participación Cidadá, Igualdade e Turismo de data 23 de novembro de 2010.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo vai cambiar o voto de abstención emitido na comisión informativa, e van votar a prol desta iniciativa, xa que lles parece bo achegar calquera medida contra a violencia de xénero aos concellos, que son os que están máis en contacto coas persoas.

Concedida a palabra a don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, felicita a todos pola elaboración deste documento, que non só trata o tema da violencia de xénero, aínda que é unha parte importante nel, senón que tamén traballa noutros ámbitos, como é no ámbito educativo, que é un ámbito importantísimo, no que teñen que comezar a xerar esa conciencia de igualdade.

Di que o seu grupo participou na elaboración deste documento, con ilusión, e esa ilusión gustaríalles mantela no tempo, gustaríalles que non se quedara nun documento máis que aproban hoxe por ser o día que é, e que se convertira no comezo dun plan real, que o próximo goberno, a xente que estea aquí dentro dun ano, poida seguir comprobando que se están cumprindo obxectivos, que se dote do orzamento necesario, que se dea

importancia a este problema, sobre todo iso, que é o máis importante. Xa o outro día preguntou nas comisións informativas cantos cartos supón isto, porque ao final, por desgraza, todo depende dos cartos e do orzamento.

Conclúe dicindo que, dende aquí, o grupo de EU-IU anima a seguir nesta liña e a que se continúe con este proxecto, que é un proxecto plurianual ata o 2015. Gustaríalle que se rematara e que a avaliación fora positiva. Para iso pide o compromiso dos que hoxe están aquí, e dos que o día de mañá lles toque estar, para seguir co proxecto e dotalo dos fondos que sexan necesarios.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que el, igual que no tema anterior, está de acordo en que son cousas necesarias, pero que o seu voto vai ser abstención, e a razón é porque se trata de algo que están programando para a próxima corporación. Di que levan catro anos, e que o asunto anterior non, pero que este podería terse feito ao longo da lexislatura, e que os que aproban o asunto foran tamén os que o puxeran en funcionamento.

Conclúe dicindo que o están aprobando agora, cando o que fan é prever o que vai ter que facer a próxima corporación. El non está de acordo con iso e polo tanto vaise abster.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, manifesta que, como voceiro do BNG, quere facer unha intervención e agradecer as palabras que acaba de escoitar. Explica que o seu grupo incorporouse ao goberno municipal de Cambre en agosto do ano 2009, e que un dos obxectivos, que se marcaron para ese período no que ían formar parte do goberno, escasamente dous anos, era a elaboración do Plan de Igualdade, e ese obxectivo está cumprido hoxe, 25 de novembro, nunha data especialmente relevante para este tema, cando se fala de igualdade entre homes e mulleres. Gustaríalles que fora aprobado por unanimidade pero, en todo caso, respectan moitísimo as posicións de cada quen, e tamén as comprenden.

Di que cumprindo con este obxectivo están poñendo un instrumento nas mans da corporación, deste goberno, ao que aínda lle queda bastante para poder facer cousas, aínda queda un orzamento por aprobar, no que se poden contemplar medidas. Hai unha acción tanto administrativa, como política, como social, que se pode levar a cabo de aquí a maio, e que despois se pode continuar. En todo caso, o que deixan é un instrumento aprobado para que, se hai vontade, se continúe utilizando durante todo ese período. Pensaban que era o fundamental e dende logo están moi satisfeitos.

Continúa dicindo que dende aquí quere felicitar á súa compañeira, á concelleira dona Laura Fernández Martínez, que foi a responsable da súa elaboración, aínda que non foi ela soa, xa que el é coñecedor, todos o son, de que o proceso levouse dunha maneira ampla, aberta e participativa, non só social, senón tamén de todos os grupos políticos. Di que se abriu, como tiña que ser, non podía ser doutra maneira, á participación e ás

achegas de todos, e este é o documento que saíu. Non é unha proposta nin dun grupo municipal, nin dun goberno, nin dun concelleiro concreto, senón que é un compendio de achegas que se fixeron entre todos e todas.

Conclúe que iso é o máis importante e o que lle vai dar o valor para que sexa un instrumento útil, para os que están agora aquí neste momento, pero tamén para os que veñan despois e continúen con ese labor.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita, e abstense o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dezanove votos a prol, acordou:

Aprobar o I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Cambre 2011-2015.

6º Mocións

O Sr. alcalde informa de que tanto o grupo municipal do PP como o grupo municipal de EU-IU presentaron unha moción sobre o mesmo tema, e que como dende o goberno municipal tamén se ía presentar unha proposta, decidiuse elaborar un único texto.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción conxunta presentada por todos os grupos. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita, e abstense o concelleiro do GM (PG).

Así pois, a corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de PP.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que ao igual que veñen facendo ao longo desta lexislatura, ao tratarse dunha moción que foron capaces de consensuar entre todos os grupos, sería conveniente que fora lida pola secretaria municipal.

O Sr. alcalde amosa a súa conformidade, polo que a secretaria da corporación dá lectura á seguinte moción:

Moción respecto do Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres

Consta do seguinte teor literal:

“A violencia de xénero constitúe unha vulneración dos dereitos fundamentais das mulleres, e o Concello de Cambre non é alleo a esta praga.

En Galicia producíronse 2 asasinatos no que vai de 2010 e no conxunto do Estado son xa 63 os casos confirmados de asasinato e 3 máis que están a ser investigados.

Estes datos son a manifestación máis clara e brutal da desigualdade aínda existente entre mulleres e homes na nosa sociedade, un indicador de que queda moito traballo para erradicar a discriminación e subordinación das mulleres e acadar unha sociedade igualitaria.

A violencia de xénero só se pode erradicar desde a concienciación e a sensibilización de toda a sociedade, así como desde a educación das xeracións máis novas nos valores de igualdade, paz, tolerancia e rexeitamento da violencia.

Na pasada lexislatura, Galicia deu un paso moi importante neste sentido coa aprobación unánime polo Parlamento Galego dunha lei específica para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

A Secretaría Xeral de Igualdade, cumprindo cun mandato establecido na lei, informou ao Parlamento Galego do grao de desenvolvemento das previsións contidas neste texto legal, así como daqueles aspectos que restaban poñer en marcha para completar o desenvolvemento da mesma. Aspectos estes que continúan sen ser desenvolvidos e postos en funcionamento.

A Lei prevé a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, un órgano institucional da Xunta de Galicia que ten por obxecto encargarse do estudo, avaliación e seguimento das políticas de violencia de xénero. Unha medida importante a fin de contar con organismos e persoal especializado que permita facer unha análise sostida no tempo sobre a efectividade das medidas tomadas neste terreo e, consecuentemente, mellorar a eficacia das políticas e recursos que se dedican a esta finalidade.

Ademais consideramos que hai que adoptar outras medidas referidas a sensibilización social e a formación dos e das profesionais relacionadas con esta problemática. Non chega con declaracións rituais ou protocolarias, o goberno galego debe mobilizar recursos e cumprir coas disposicións legais aprobadas para reducir e acabar con esta lacra da nosa sociedade.

Máis aínda, as propostas orzamentarias nas que se comproba a redución da dotación das políticas de prevención, asesoramento e axuda, ou a propia disolución do Servizo

Galego de Igualdade, auguran perspectivas pesimistas sobre as intencións da Xunta de Galicia nesta materia.

Por todo isto, proponse ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO

Primeiro: Instar á Xunta de Galicia a que realice unha planificación para a efectividade das previsións contidas na Lei 11/2007 que estaban pendentes de desenvolvemento; en concreto, a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero e a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral, a realizar campañas periódicas de sensibilización contra a violencia de xénero, a formación da totalidade das e dos profesionais, e a garantir o dereito á atención psicolóxica no ámbito sanitario público tamén recollido na lei.

Segundo: Solicitar ás administracións estatal e autonómica que velen porque os medios de comunicación adopten as medidas oportunas para que o tratamento informativo da violencia de xénero se manteña no respecto debido ás vítimas e ao seu contorno.

Terceiro: Enviar estes acordos aos presidentes do Goberno Autonómico e Estatal, e ao Parlamento Autonómico e ás Cortes Xerais, instándolles ao completo desenvolvemento das súas leis respectivas sobre violencia de xénero e a un aumento orzamentario, co fin de que estas se aborden de xeito transversal e con maiores recursos económicos. “

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

7º Informes da Alcaldía

De orde do Sr. presidente, dáse conta pola secretaria da corporación do seguinte asunto:

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 16067, o día 4 de novembro de 2010, procedente da presidencia da Xunta de Galicia, no que se agradece o envío do acordo adoptado polo pleno do Concello de Cambre en sesión de data 26 de agosto de 2010, do cal se deu traslado á consellería competente. A Sra. secretaria informa que se trata da moción sobre as liquidacións negativas correspondentes á participación nos igresos do Estado no ano 2008.

8º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 16943 o día 19 de novembro de 2010.

1º Rogamos ao equipo de goberno nos informe do estado no que se atopa a redacción dos orzamentos municipais para 2011 e de cando ten previsto convocar a Comisión Especial de Contas para a aprobación do informe á Conta Xeral do ano 2009.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, aclara que como a comisión xa está convocada para decembro, manteñen o rogo no que se refire aos orzamentos.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que o día 12 deste mes era o límite de prazo que tiñan as distintas concellerías para presentar as propostas de orzamentos para o ano 2011, e agora están elaborándoos.

Don Felipe Andreu Barallobre pregunta pola previsión que manexan para os orzamentos, tendo en conta que quedan seis meses de lexislatura.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que o ideal sería poder levarlos ao próximo pleno, en decembro, pero que dependerá de como poidan sacalo adiante. A súa intención era sacalos no mes de decembro.

Don Felipe Andreu Barallobre sinala que se os presentan para o mes de decembro daralle os seus parabéns.

Don Jaime Manuel López Lisnier responde que non o asegura, pero que esa é a súa intención.

2º Rogamos ao equipo de goberno nos informe dos motivos polos que non se limparon aínda os exteriores do CEIP Wenceslao Fernández Flórez.

Don Jaime Manuel López Lisnier manifesta que non sabe exactamente a que zona do colexio Wenceslao se refiren.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, contesta que se refiren sobre todo aos patios de infantil, que están nunhas condicións lamentables, os nenos móllanse, suben cheos de terra, e incluso as limpadoras non dan feito. Á parte o mal estado no que está a zona dos toboganes, toda esa zona.

Don Jaime Manuel López Lisnier informa de que iso tivo unha intervención, non hai moito tempo. Sementouse herba, pero como non deixaron pasar o tempo suficiente de consolidación, quedou así. Di que facer unha intervención nos patios nestes momentos é imposible, xa que os nenos están a utilizalos. O que se fixo naquel momento, cando se

puxeron alí uns xogos infantís, foi sementar herba, pero o período que transcorreu ata que os nenos o utilizaron non foi suficiente para que enraizara como é debido, e por iso está así.

En canto á limpeza diaria ou semanal, faise polo servizo de limpeza que hai, como en todos os colexios, limpeza de patios e demais, sempre a fan.

Conclúe dicindo que o que hai que facer é unha actuación en época de vacacións, a principios das vacacións de verán, agora é imposible.

Dona M^a Jesús González Roel insiste en que agora mesmo os patios infantís están nun estado no que os nenos suben empapados ás clases e totalmente cheos de barro. Pensa que xa que están comezando o inverno habería que facer algo, poñer cortiza ou algo á saída dos toboganes, algo para que polo menos non suban mollados.

Don Jaime Manuel López Lisnier responde que hai unha zona dos toboganes que ten un solo de caucho e hai outra zona que non. Eles o que lle pediron ao colexio é que non sacara aos nenos a esas zonas que están con máis barro, que os levara a outras zonas. Explica que iso mesmo está ocorrendo en todos os colexios, hai zonas de terra ou de herba, e cando chove ocupan outra zona do patio. O que se lles pide é que fagan iso mentres non se poida facer outra cousa, porque acometer agora obras nesa zona é imposible.

Dona M^a Jesús González Roel manifesta que o único que pide é que se revise, e que se trate de mellorar, aínda que sexa cun pouco de area, con algo, para que os nenos non suban mollados. Non pide nada máis, que o vixíen e controlen.

3º Rogamos ao equipo de goberno nos informe dos motivos polos que o concello non fai cumprir a obriga de limpeza de maleza dos terreos.

O Sr. alcalde contesta que no que vai de ano foron iniciados 176 expedientes de orde de execución e están traballando no tema. Di que así consta no informe que lle pasou o técnico de Urbanismo esta mañá. Hai 176 de expedientes sancionadores e moitos en tramitación, así pois, algo están facendo.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que algo supón que si, que para iso está o concello, pero que ao que se refiren é a que hai persoas que levan reclamando que se limpe un terreo lindeiro á súa casa, ou terreos, dende o ano 2007 e 2008, e aínda a día de hoxe sae no BOP publicada a obriga de limpar. A día de hoxe esa xente segue peregrinando polo concello, un día e outro máis, sen que haxa maneira de que iso se execute.

O Sr. alcalde di que hai que ver cales son e cales os motivos, hai que ver o expediente.

Dona M^a Jesús González Roel sinala que, en definitiva, son 176 pero que aínda non están executados, están en expedientes.

O Sr. alcalde responde que moitos están en tramitación e outros teñen xa orde de execución.

Dona M^a Jesús González Roel conclúe que agardan que sexa en breve, porque a xente case está desesperada de vir ao concello.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 16963 o día 20 de novembro de 2010, xunto coa moción e as preguntas presentadas para este pleno.

1º Nos últimos tempos estamos asistindo e non con pouca polémica, ao debate sobre a restruturação e incorporación doutros concellos ao Consorcio das Mariñas. Racionalizar e coordinar as competencias municipais entre o noso concello e os do contorno é, hoxe en día unha necesidade que non debemos aprazar, máxime cando se trata de entidades locais que se integran nun ámbito xeográfico común con similares problemas e necesidades de todo tipo. Entende o noso grupo que un mínimo de sentido de racionalidade na xestión dos intereses públicos aconsellaría aos órganos locais a que, con independencia das diferenzas políticas ou doutro tipo que poidan manter ocasionalmente, deberían facerse esforzos para chegar a acordos para consolidar un ente metropolitano forte e capaz de dar resposta ás necesidades e mellorar os servizos que se prestan aos veciños/as.

Dada a transcendencia do tema entende o noso grupo, que non debe substraerse ao coñecemento dos representantes nesta corporación. Por iso pregamos se nos informe da situación actual sobre a articulación do novo ente supramunicipal e o posicionamento do noso concello no proceso.

O Sr. alcalde contesta que supón que se están referindo á integración do Concello da Coruña. Di que no Consorcio nomeouse unha comisión que está constituída polo alcalde de Sada, o alcalde de Abegondo e a alcaldesa de Betanzos. Fixéronse algunhas xestións co Concello da Coruña, e seguen a facerse, porque ese concello pon unhas condicións para entrar, e o resto de concellos están barallando outras, xa que lles gustaría que entraran cos mesmos valores que os demais, tanto de beneficios como de cargas. O Concello da Coruña quere entrar en temas como o do lixo e o do transporte, pero pola contra non quere entrar no tema da auga.

Di que todos pensan que cando se entra nun tema, como ten entrado Cambre e os outros concellos no tema do Consorcio, hai que facelo con plena visión de afrontar os cargos,

as débedas e os compromisos que se adquiren.

Conclúe dicindo que se está negociando, cre que nestes momentos está prevista unha reunión da comisión dentro duns días, e iralles informando do resultado.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, pide que se cumpra sobre todo o último que dixo o Sr. alcalde, xa que lle agradecen a información, tendo en conta que foi no ano 2008 cando esta corporación aprobou unha moción, por unanimidade, presentada polo seu grupo, onde había un compromiso de que os representantes deste concello nos órganos colexiados, e estase referindo a todos os órganos, consellos escolares, Fundación Wenceslao Fernández Flórez ou Consorcio das Mariñas, darían información aos grupos presentes na corporación, e non se está dando, e por iso teñen que recorrer, pleno tras pleno, a pedir información sobre eses temas.

Di que o Sr. alcalde falaba antes da incorporación do Concello da Coruña, pero el pensa que é máis complexo o tema, porque no seu momento tamén se falaba da incorporación de Cerceda. Efectivamente hai servizos que son comúns a todos, e por iso dicía que son de interese para todos os concellos. O Sr. alcalde falou do Concello da Coruña, non o fixo do Concello de Cerceda, non sabe se está previsto que se incorpore, ou non.

O Sr. alcalde contesta que con Cerceda, nun principio, non hai maior problema, o problema está co Concello da Coruña.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que diso, máis ou menos, xa teñen coñecemento, porque é público que un dos problemas que hai co Concello da Coruña é o tema da auga.

Conclúe dicindo que o que si lle agradecería ao Sr. alcalde é que de todas as cousas que vaian xurdindo no Consorcio, se lles informe, ou senón que se lles faciliten as actas. Repite que ese foi un compromiso plenario que se adquiriu aquí, e cre que se debe respectar.

2º Recentemente o presidente da Xunta consideraba a supresión de subvencións para os corredores ferroviarios de media distancia en Galicia, entre eles o da Coruña-Ferrol que transcorre polo noso concello.

Pregamos nos informen sobre o problema e se teñen adoptado ou pensan adoptar algunha medida coa finalidade de evitar o peche das liñas ferroviarias.

Que este problema sexa trasladado ao Consorcio das Mariñas, co fin de acadar acordos a prol do mantemento do servizo e pola creación do ferrocarril de proximidade na nosa comunidade, de acordo coa realidade social e laboral dos cidadáns.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que, efectivamente, coinciden na preocupación por este asunto. En vez de ir a mellor, que sería ir dando pasos para que ese ferrocarril de media distancia, pero sobre todo de proximidade, estea máis próximo, están saíndo noticias que o alonxan cada vez máis, non só noticias da Xunta, senón o propio Ministerio de Fomento foi o que lanzou, non se sabe moi ben se un globo sonda, falando do déficit en determinadas liñas, liñas deficitarias que habería que tender a suprimir. Parece ser que onte mesmo unha comunicación do Ministerio de Fomento falaba de que non, que non había perigo de supresión de liñas.

Agora ben, di que efectivamente hai un anuncio que é preocupante, que é a supresión, a eliminación nos orzamentos da Xunta, da subvención que había para as liñas de media distancia en Galicia, que aínda que non dan ben o servizo, as frecuencias son malas e os horarios non son os adecuados, si son un punto de partida para poder melloralas. Se agora por riba se reduce esa subvención, irán a peor.

Precisamente en sintonía co que propón EU-IU, onte mesmo houbo unha reunión de traballo no Consorcio das Mariñas, e el mesmo levou este tema, fóra da orde do día, para que se fixera un pronunciamento do consorcio no sentido da preocupación polo tema do anuncio da supresión desas axudas ás liñas, para que o consorcio tomara tamén coñecemento.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que ante un tema da envergadura que ten a supresión do ferrocarril en Galicia, concretamente no Concello de Cambre, na área metropolitana, cre que non poden quedar impasibles, e cre que deben implicarse todos os concellos da área. Parécelle ben que, como pediron, se levara ao consorcio.

3º Unha das preocupacións do noso grupo na presente lexislatura, foi a adquisición de terreos para infraestruturas sociais e de recreo na parroquia de Cela. Sendo que na actualidade xa dispón o concello de partidas orzamentarias para facer efectiva a súa compra.

Pregamos nos informen da situación e cal é o motivo da tardanza para a compra dos terreos propiedade da Fundación Tenreiro nas inmediacións da igrexa en Cela.

Don José Francisco Parcero Rial contesta que a intención do goberno municipal é dotar a Cela dunha zona de esparexemento público, iso require unha tramitación que xa se iniciou, e neste momento están pendentes dun informe do departamento de Urbanismo, xa que a adquisición directa debe ser xustificada. Se non fora así, procedería a apertura dun concurso.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, solicita que se axilice ese informe urbanístico, tendo en conta que xa está previsto o diñeiro que hai que aboarlle ao

propietario dos terreos. Di que levan un tempo sen esa adquisición e cre que cumpre xa, é de moita urxencia para que os veciños de Cela nun futuro teñan un lugar para o seu espaxamento, onde poidan xogar os rapaces e aproveitalo a xente maior, porque é a única parroquia deste concello que non ten nin un simple parque infantil. Por iso di que haberá que axilizar o tema como se merece ese problema.

Rogos do GM (PG) presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 17010 o día 22 de novembro de 2010.

1º Rogo que por parte do goberno municipal se informe con detalle sobre a obra incluída no Plan Arume, que se está realizando na parroquia de Cecebre en Sobreguexe.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que informar con detalle e extensión é un pouco máis do que se pode facer, non sabe se é sobre algunha cuestión en concreto.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), sinala que se trata de informar un pouco das noticias que apareceron na prensa.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que polas noticias que saíron na prensa hai que preguntarlle a quen as orixinou, el o que lle pode dicir é que a obra de Sobreguexe é unha obra que forma parte do programa Arume, que a súa realización está aprobada polo pleno municipal desta corporación, que o proxecto concreto da obra se aproba en xaneiro de 2009, que conta con todos os informes necesarios, favorables, de todos os departamentos técnicos que interveñen na aprobación e na execución destes proxectos, que conta ademais con todos os informes sectoriais necesarios para poder levarse adiante, fundamentalmente neste caso co permiso da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia, que foi licitado e adxudicado no procedemento de contratación conseguinte e que está en execución, como tiña que ser. Di que está agora mesmo nas últimas fases da súa execución, quedan practicamente remates e darlle cobertura vexetal ás zonas de bancadas que se van facer alí. Iso é o que lle pode informar, trátase dun proxecto que está executado cun pequeno atraso sobre o que eran os prazos iniciais, pero dentro do razoable, e estará rematada a obra antes de que finalice o mes que vén.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que fala pola prensa, pero tamén porque coñecía a zona de antes e foi a vela agora. Di que na prensa saía unha pequena refrega entre os propietarios e o concello, onde o concello di que non ten constancia de que alí había un camiño. Di que constancia de que alí había un camiño téñena todos, unicamente que agora se dedique o goberno municipal a facer maxia e desaparecer os camiños, pero alí o camiño estaba, no plano municipal de vías aparece perfectamente, bordeando o cruceiro, outra cousa é que normalmente non o utilizasen os veciños, xa que, loxicamente, se hai outro asfaltado non se van meter por un sen asfaltar, pero o

camiño existía e estaba en servizo. Di que pasaban por el, entre outros, algúns veciños que entraban á súa explotación. O goberno municipal tamén di que descoñece a explotación, di que aquí non coñecen nada, pregunta se é que están gobernando en Madrid ou Barcelona.

El cre que hai que ser un pouco máis serios e cando se fan as cousas intentar non facer dano, facelas de boa fe, e non facer outras historias. Desaparece o camiño e din que non lles consta, en teoría non está codificado como público, pero o camiño existe, sexa público ou privado, aínda que está claro que no Catastro enténdese que é público, porque non está a nome de ninguén. En todo caso, sen entrar neses detalles, el cre que pechar un camiño para facer unha actuación do tipo que sexa, que estará moi bonita e con todos os informes, pero que pode deixar unha familia que ao mellor está vivindo diso, non sabe se é así porque non os coñece, pero deixalos sen acceso a esa nave, a ese galpón, almacén ou como lle queiran chamar, parécelle fóra de lugar, sobre todo nestes tempos nos que están, nos que fan boa falta os postos de traballo.

Por outra parte, dicir que polas condicións climatolóxicas adversas leva un atraso de mes e medio ou dous meses, parécelle que só pode ser porque esa xente non poida traballar ao sol, porque este verán non puido chover menos. Cre que ás veces deberían aplicar un pouco a lóxica e deixar de actuar como se dixeran aquí estamos nós, somos os xefes e facemos o que nos dá a gana. Cre que se esas bolsas que estiveron hoxe regalando, co lobo feroz e caperucita, ao mellor se o aplicaran un pouco cos veciños cando teñen un problema, igual lles viña bastante ben. Pídelles que se apliquen eles un pouco o conto, porque non hai só violencia de xénero, tamén a hai de poder, e, neste caso, está convencido de que iso foi así. Agarda que se lle dea unha solución ao problema e que esa familia poida seguir utilizando ese galpón, para leite ou para o que sexa, porque podía ser para leña ou para outra cousa, dálle igual.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que el reconece e sempre lle reconeceu ao Sr. Marante a súa simpatía, pero que ás veces se pasa con determinadas comparacións, pásase con determinadas mesturas e determinadas comparacións. Di que seguramente cando o pense ou cando lea o que dixo darase conta de que non eran as comparacións máis adecuadas.

Di que é posible que estean equivocados todos os informes, o ve difícil, pero é posible, o informe da arquitecta municipal, o informe dos departamentos que levan a xestión de Patrimonio deste concello, do enxeñeiro xefe de servizo da área, da propia Dirección Xeral de Patrimonio, é posible que estean equivocados, pero por sorte, como están nun Estado onde hai uns procedementos de defensa de todo o mundo, administrativos, xurídicos, políticos tamén, para que todo o mundo que se vexa lesionado nun dereito poda reclamar e se poida defender, ten arranxo a cousa. Non hai problema de que haxa ningún goberno que queira impoñer nada, nin que queira prexudicar a ninguén, porque hai mecanismos de sobra na sociedade para evitalo, e o primeiro deles é a pluralidade

que teñen neste mesmo salón de plenos, onde seguramente vai haber defensores destas cousas.

Volve dicirlle que é posible que estean equivocados, pero el cre que non, e como cre que non están equivocados, é polo que cando un proxecto está decidido nun pleno, cando está bendicido con todos os informes necesarios e imprescindibles para que sexa legal, quen ten a responsabilidade executiva, neste caso o goberno municipal, e el como concelleiro de Obras, teñen a obriga de que ese proxecto se faga e, dende logo, cando se aprobou o programa Arume, cando se modificou para incluír este proxecto en vez dunha actuación en Sigrás, cando se aproba o proxecto, e cando se licita e se comeza a executar a obra, a ninguén se lle ocorreu pensar que iso era para prexudicar a ninguén. Os técnicos analizaron todo, todo está cotexado, e el invita ao Sr. Marante a que vaia a ver todo o expediente, que o comprobe e que mire se hai algo que está mal, e tamén invita a calquera que considere que os seus dereitos están lesionados a que utilice os mecanismos que hai, que son de sobra.

Di que el tamén quedou sorprendido polas cousas que ás veces saen na prensa, en todo caso, a prensa ou quen lle facilite información á prensa, que dea as explicacións de por que se poñen esas cousas. Pero como se preocupou foi mirar de todo ese período, de todos eses días, se entrara algún tipo de reclamación, algún tipo de solicitude polo rexistro municipal, que é a maneira como teñen que entrar as cousas, as reclamacións, as solicitudes, as demandas, as denuncias, e non entrou nin unha soa. A primeira que se atopa que entra polo rexistro municipal é unha solicitude do Partido Popular, normal, exercendo o seu traballo e a súa responsabilidade, que querían ver o expediente, pero ningunha outra. Polo tanto, aquí agora mesmo o que lles consta oficialmente, outra cousa son interpretacións, cousas que se oen, que se din, pero o que lles consta formalmente é un expediente que polo de agora é irreprochable, que pode ter erros, non di que non, é posible, como outros, pero cre que non, cre que os técnicos foron rigorosos e fixeron ben o seu traballo. É máis, precisamente ante a avalancha de preguntas, porque parece que o tema máis importante que ten Cambre neste momento é ese, xa que todos os grupos, dunha ou doutra maneira, se interesaron por este asunto, el preocupouse de que non só eses informes que figuran no expediente, que avalían a tramitación dese proxecto e a súa execución estean ben, senón que os ratificaran e fixeran informes novos sobre como estaba a situación. Di que todos son coincidentes, agora alá cada quen coas súas interpretacións, el insiste en animar ao Sr. Marante a que vaia ver o expediente, a que o comprobe e se estima que hai algo que está mal feito, que está mal tramitado ou que lesionou os intereses de alguén, que o diga e que se persoe nos procedementos que sexan necesarios. Dillo ao Sr. Marante ou a calquera que se vexa prexudicado por unha actuación que está feita dende o ánimo de promover o interese público, a mellora dun espazo urbano importante, e na que el cre que todos estiveron de acordo no seu inicio. Pode haber confusión sobre algunhas cousas, pero as confusións que se aclaren, e o primeiro que ten que facer quen se sinta interesado ou molesto, é pedilo, porque polo de agora no concello non hai solicitado absolutamente

nada. El ten a copia de rexistro de practicamente todo este mes, con todas as entradas que houbo no rexistro municipal, e non hai unha soa sobre este asunto, agás unha do PP interesándose por ver o expediente.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que tal e como se explica o Sr. Iglesias vai moi ben todo, pero no documento que teñen no concello o camiño, aparece, que o obviaran os técnicos ou quen fora, non o sabe, pero el ten unha copia dos documentos que teñen no concello para ver se hai ou non camiño, e que agora digan que non lles consta parécelle lamentable. Poden buscar as explicacións que queiran, que se os técnicos fixeron ou deixaron de facer, a el parécelle moi ben todo o que digan, que non teñen reclamacións, etc., etc., pero o camiño está aí e o goberno municipal eliminouno, iso co beneplácito dos técnicos ou de quen queira, pero iso está aí.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que é necesario puntualizar unha cuestión, porque soltar aquí que se eliminou un camiño pode quedar moi ben, e pode quedar moi simpático, como lle dicía nun principio, pero iso non é certo, e hai que ser un pouco rigoroso cando se fala das cousas, non se elimina. Que o Sr. Marante vexa unhas liñas no plano, e que as queira chamar como as queira chamar, iso é cousa súa, pero hai que ser un pouco rigoroso, hai que saber o que é un camiño público, o que é unha serventía, o que é un baldío, o que é un espazo público, o que é a titularidade, hai que saber un pouco máis as cousas, ou polo menos comprobalas, e o Sr. Marante o sabe, o que pasa é que quere aparentar que non o sabe para confundir.

Pídelle que non sexa tan simpático nalgunhas cousas, sobre todo cando está xogando con cousas que son importantes para algunha xente. Igual hai quen confunde as cousas, e por iso fai as cousas que fai e que non debería facer, pero o Sr. Marante non debe contribuír a iso, porque iso non lle vai reportar absolutamente nada, nin ao Sr. concelleiro, nin a posibles prexudicados. Aí non hai un camiño público que forme parte do inventario de camiños municipais, non hai un camiño público que forme parte das normas urbanísticas que están agora mesmo vixentes neste concello. É unha senda de paso, un terreo público de paso, probablemente hai unha franxa que non é de titularidade de ninguén, é un camiño aberto pola costume e pola tradición, e ese camiño vai seguir tendo exactamente a mesma función que os veciños daquel lugar, que baixaban á igrexa, ou que naqueles tempos, como lle contan os que coñecían aquilo, deixaban atadas alí as súas bestas, para ir á igrexa ou para repartir ou cargar cousas, pois vai seguir exactamente igual que estivo sempre, só que mellorado, con moitísimo mellor aspecto e con moitas mellores condicións para o uso dos veciños, non como unha selva, como estivo nos últimos tempos, senón mellorado e accesible para todo o mundo. Vai seguir sendo exactamente o mesmo, pero iso non é un camiño público, nin no inventario municipal, nin nas Normas subsidiarias de planeamento que é onde ten que estar, e iso o Sr. Marante o sabe perfectamente. Sabe perfectamente que non se poden facer malas interpretacións sobre un plano de Catastro, porque dá lugar a confusión, e porque tamén alguén pode entender que se está facendo con mala fe, e iso non se debe facer, iso non é

un camiño público, non se vai pechar nada, e os usos que tiña de senda, como vía de comunicación entre Apeadeiro e Fraís, é máis de acceso á igrexa, van seguir estando, igual que sempre e moito mellor.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que el non quere ser simpático, que conste que non quere selo, pero que tampouco quere que lle tomen o pelo. El ao camiño chámalle camiño cando é un camiño e sabe perfectamente o que é un camiño de servidume, o que é un camiño público, un camiño privado e todas esas cousas, o sabe perfectamente. Di que non quere ser simpático, pero tonto tampouco.

2º Rogo se informe por parte do goberno municipal en que estado se atopa a elaboración do inventario de bens municipais.

Don José Francisco Parceros Rial contesta que a única novidade que lle pode dicir é que lle están dando prioridade ao tema, estanse reunindo todos os días para analizar zona a zona e a previsión é que a comezos de ano se someta a aprobación inicial o inventario de camiños.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que benvido sexa.

3º Rogo se informe para cando ten pensado o goberno municipal pagar as subvencións ás entidades e asociacións sen ánimo de lucro do Concello de Cambre.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que, como todos os anos, fan unha distinción entre comisións de festas e entidades veciñais. Ás comisións de festas está previsto pagarlles, como en anos anteriores, a finais de decembro. O resto de subvencións a entidades sen ánimo de lucro sempre se demoran un pouco máis, di que non se atreve a dar unha data exacta agora, tendo en conta que aínda o día 31 deste mes se acaba o prazo para presentar a xustificación da subvención.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), di que preguntou porque a el, como representante dunha asociación, non lle chegou ningunha comunicación para xustificar. Pregunta se xa se mandou.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que si están mandadas.

Rogos da concelleira non adscrita presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 16981 o día 22 de novembro de 2010.

1º No CEIP de Sigrás, en fronte da instalación da chave, hai un afundimento da estrada e debido ao tránsito da zona supón un risco para os transeúntes, rogo se repare coa máxima rapidez.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que efectivamente hai unha zona un pouco deteriorada, unha parte dela vai quedar solucionada cun dos apartados do proxecto do POS que acaban de aprobar hoxe, e outra parte vaise reparar por medios propios. Xa foi vista polos técnicos e é unha operación de reparación e mantemento dunha vía municipal que se fará en breve espazo de tempo.

2º Cando ten pensado o grupo de goberno arranxar a zona do lavadoiro de Sobrecarreira?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, sinala que preguntou polo arranxo, pero cre que tamén se está valorando a posibilidade de suprimilo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que o lavadoiro de Sobrecarreira está incluído dentro do proxecto de recuperación do Camiño Inglés. Como todos saben o Concello de Cambre está dentro dun proxecto de dinamización turística comarcal, e polas noticias que ten de onte mesmo do Consorcio das Mariñas, a próxima semana probablemente se faga xa a adxudicación provisional desa obra. Foi o concello quen elaborou o proxecto, e unha das intervencións é precisamente no lavadoiro, na fonte de Sobrecarreira.

Di que efectivamente vaise eliminar como tal lavadoiro, vaise restaurar o espazo e manter a fonte. De todas maneiras, como dende que entregaron toda a documentación no Consorcio, que pensa que foi antes de que rematara o mes de maio, estábase producindo un atraso moi grande, e aquel espazo se estaba deteriorando moito, fai como dúas semanas os propios medios municipais, a brigada, fixo unha operación de limpeza da zona, para que non se tivera que agardar moito tempo, xa que había moita maleza alí.

Conclúe dicindo que se fixo esa limpeza agora, pero que a obra comezará supoñen que durante o mes que vén, xa que está a punto de ser contratada con esa intervención incluída.

3º Rogo se me informe en que estado está o contrato de telecomunicacións municipal.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, especifica que se refire á telefonía.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que dende o departamento de Contratación están agardando que se elaboren as prescricións técnicas para iniciar o expediente de contratación.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín pregunta como vai ser o procedemento.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que as prescricións técnicas serán as que determinen os pasos a seguir.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín pregunta cando dixo que vai estar preparado o prego.

Dona Erundina Prado Arcay responde que iso non o dixo, nin llo pode dicir. Dende Contratación están pendentes de recibilo, pero non sabe darlle unha data.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín pregunta se xa se deu á orde para que se preparen os pregos.

Dona Erundina Prado Arcay sinala que ela diso só se entera cando chega ao departamento de Contratación, pero imaxínase que si, dado o tempo que se leva falando disto, imaxina que si.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín pídelle ao Sr. alcalde que lle traslade o rogo ao concelleiro de Servizos, xa que supón que é un tema dese departamento, para saber se ese concelleiro deu traslado da orde de iniciar os trámites para a elaboración do prego aos técnicos responsables.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que é posible que algún dos técnicos do departamento estea elaborando o prego de prescricións técnicas, pero como a pregunta non era esa, non o sabe nestes momentos. Di que non ten ningún inconveniente en preguntalo mañá e contestarlle, pero que a resposta que deu a concelleira de Contratación é coa que el se queda, agora mesmo non ten outra versión que darlle.

O Sr. alcalde sinala que se enterarán e que lle contestarán á Sra. concelleira.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 16944 o día 19 de novembro de 2010.

1^a Cal é o motivo polo que o concello suprimiu o acceso a unha explotación leiteira no lugar de Sobreguexe, Cecebre?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que el cre que antes trataron dunha maneira bastante extensa o asunto, basicamente quédase con iso, coa explicación que deu antes sobre o procedemento de como se levou a cabo a xénese e o desenvolvemento desta obra. En todo caso, facendo referencia concreta á pregunta, dilles que non admite a pregunta, xa que non hai ningún motivo, posto que non se pechou ningún acceso que a eles lles constara oficialmente. Di que o que está habendo é unha obra que mentres se desenvolve causa molestias, como toda obra, mentres se botan pavimentos, non se pode pisar, mentres se fan unhas canalizacións nunhas zanzas, non se pode pasar por riba

delas. Pero unha vez que estea rematado vai quedar exactamente co mesmo uso peonil que tivo sempre, que tivo toda a vida, e como dixo antes vai estar mellorado e ampliado. Non hai ningunha outra decisión tomada.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que el cre que a clave está aí. A clave revirada que está utilizando o equipo de goberno é que ese camiño tiña un uso peonil, cando ese camiño leva, polo menos quince anos utilizándose tamén por unha serie de persoas para realizar unha actividade, como saben todos os veciños de Cecebre e como debería saber todo o goberno de Cambre. Alí estase realizando unha actividade e por ese camiño entraban camións.

Di que el esta tarde estivo por alí, falando cos operarios, vendo como está a obra. A obra realmente quedará francamente ben, pero quedará francamente ben para todos menos para as persoas que máis o utilizaban, esas persoas deixarán de poder utilizalo.

A el parécelle moi ben que os expedientes estean completos, xa que só faltaba que os expedientes non se fixeran cos informes favorables, entón estarían falando de algo extraordinariamente grave. Evidentemente todos os expedientes e os proxectos teñen que facerse cos informes favorables, pero ás veces hai que facer as cousas cun pouco de sentido. Di que alí non só se estaba utilizando por peóns, senón que tamén se estaba utilizando por vehículos, eses vehículos agora mesmo non van poder entrar, e por iso a pregunta que o seu grupo fixo é por que razón se lle suprimiu o acceso a esas persoas que antes facían uso e que agora non poden facelo, iso é o que preguntan e agora é o Sr. concelleiro o que, se quere, pode responder.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que se o Sr. Andreu lle quere facer a pregunta, a pesar de que esta tarde parece que dubidaba, e que igual a retiraba en vista da situación, pero xa que a mantén, el tampouco ten ningún inconveniente en contestala.

Di que el ten que remitirse ao que dixo antes. Sabe que pode parecer aburrida a resposta, que non ten graza, están os informes técnicos, o proxecto está sancionado, e polo tanto estase facendo, pero é que é así, é a súa obriga como responsable dentro do goberno municipal deste tema, e non pode dicir outra cousa.

Se o concelleiro do PP está preguntando por que non se facilita unha actividade a unha suposta industria da que no concello non consta absolutamente ningún dato, nin solicitude de licenza, nin tramitación de ningún tipo, nin aceptación, nin denegación, pois ben, se o concelleiro popular estalle dicindo iso, el cre que iso, dende a legalidade, dende a responsabilidade, non se pode facer.

Seguramente, se se vai mirar por calquera parroquia ou por calquera sitio, vanse encontrar con que hai moitas actividades que non contan, dende logo ao 100%, con todas as prescricións de legalidade que debería haber porque, quen ten a licenza para

unha cousa, igual está facendo algunha cousa máis a maiores do que esa licenza que lle outorgaron lle permite.

Di que iso é posible, pero a resposta que teñen que dar dende a responsabilidade da administración e de quen a xestiona, non é outra que a que está respaldada polos informes de legalidade, polos informes técnicos e polos datos que figuran nos diferentes padróns que teñen á súa disposición. Como antes lle dixo ao Sr. Marante, á vista da gran preocupación que suscitou entre toda a clase política cambresa este asunto, foi polo que se preocupou de pedirle información aos técnicos municipais, que son os que poden dicilo. El non pode ir a outro lado, ten que pedirlo aos técnicos que traballan e que defenden os intereses desta casa, e o que lle din é que iso está feito con toda a legalidade, que non consta formal e legalmente ningunha outra actividade, nin ningún outro dereito adquirido que se poida ter vulnerado.

En todo caso, e o máis importante, ten que dicirlle outra vez, aínda que sabe que é reiterativo e vai engordar un parágrafo máis na acta, que poden estar equivocados os informes, os padróns, pode haber erros, pero quen se ve lesionado nun dereito que ten adquirido, nunha propiedade, o que terá que facer é, polos medios que dá o Estado no que estamos, e a administración, reclamar que se lle restitúan os dereitos, pero reitera que dende que se iniciou todo este procedemento, polo rexistro municipal, que é a maneira de que as cousas entren para poder ser recoñecidas, para poder ser revocadas as decisións que están mal adoptadas, pois iso non se fixo, e non sabe se o Sr. Andreu, ou outro voceiro, polo medio dunha acta dun pleno pretenden facer iso. Di que hai outra maneira de facer as cousas. Se hai un erro na tramitación, se hai unha vulneración de dereitos o que hai que facer é ir pola vía administrativa que o Sr. concelleiro coñece ben, persoarse e mirar de volver atrás decisións tomadas, para o suposto caso de que estiveran equivocadas.

Cre que con todos os datos que ten agora mesmo, os que veñen no expediente, xa dende primeiros do ano 2009, ata os que lle achegaron os técnicos municipais, algún deles a día de hoxe, non hai ningún tipo de erro ou equivocación na tramitación. Iso é o que hai, e a seriedade da administración é unha cousa, as interpretacións políticas ou as ganas de facer política con todo, son outra. Parécelle moi respectable, moi lexítimo, están nun período preelectoral e cada quen busca árbores caídas para facer leña, ou árbores dereitas, ou o que se queira, para facer lume para si. Parécelle estupendo porque é o sistema no que están, pero pide que non confundan todo isto, está respaldado pola legalidade, polos informes dos técnicos e, polo tanto, quen queira darlle volta a iso o que ten que facer é persoarse vía rexistro municipal, vía recursos pertinentes, ou tamén vía xudicial, pode acudir ao terceiro poder e solucionalo desa maneira.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que lle gustaría matizar algo. Di que a realmente lle resulta asombroso porque cre que son seis anos os que leva como concelleiro delegado o Sr. Iglesias, pero o alcalde moitos máis, case trinta, case tantos

anos como leva construída esa instalación en Cecebre. El non se pode crer que o Sr. Iglesias en seis anos non teña pasado por alí, seguro que si ten pasado, e seguro que coñece perfectamente esa instalación. Nin a pregunta do seu grupo municipal, nin as súas intencións na conversación que tivo esta tarde sobre este tema, en ningún momento reprocharon que ningún expediente se tivera realizado dunha forma xuridicamente incorrecta, o que lle están dicindo é que aí había unha actividade, e como ben dicía o compañeiro Marante, están nunha situación de crise e el cre que non están para permitirse eses luxos, non están para permitirse querer facer unha obra, e con iso mandar a unha, dúas, ou tres persoas, ao paro. Di que non están para permitirse iso, e a el parécelle estupendamente ben que todos os trámites se teñan feito cumprindo coa legalidade, só faltaba, como xa dixo antes, que non se tivera cumprido a legalidade nos trámites.

Di que el está falando politicamente, e dende ese punto de vista cre que se teñen equivocado, que se teñen equivocado coas formas, porque seguramente non presentaron ningún escrito, pero o Sr. Iglesias esta tarde recoñeceulle que no mes de agosto ou setembro esas persoas se reuniron co alcalde para falar do problema. E no mes de agosto ou setembro non se lles ofreceu ningunha solución, ou ao mellor se lles pasou a man polas costas, que é algo moi común aquí. Polo tanto, o concello si tiña coñecemento do asunto antes de que se fixera ningún anuncio na prensa. A eles, o que lles chama extraordinariamente a atención é que despois de falar co Sr. alcalde, despois de falar con un ou varios concelleiros máis, non se teña tomado ningunha decisión, e agora a resposta que lles dan é que se cumpriu coa lei, e como dixo, só faltaba que non se tivera cumprido.

Parécelles extraordinariamente grave. Pedíronllo publicamente dende a prensa, imaxínase que o terá lido, pero volverán a pedirlo. Pídenlle que modifique o proxecto, porque non fai falta danar a ninguén para facer unha obra que é beneficiosa para todos, non fai falta danar a ninguén.

2ª Pode facilitarnos o goberno municipal o escrito polo que se subscribiu un acordo cos propietarios da parcela en fase de expropiación para a construción dun novo colexio, no que se recolle que renuncian ao dereito de reversión da expropiación aínda que o concello os dedique a un uso distinto? Por que non se realizou o cambio de afectación dos terreos antes de facer o anuncio da construción do novo posto de Protección Civil nesos terreos?

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que esta pregunta é para que expliquen o que dixeron na prensa.

O Sr. alcalde di que a explicación é moi sinxela, tan sinxela como se queira comprender. O concello fixo unha xestión e está en trámites para adquirir unhas parcelas, en torno a 16.000 e pico metros. Deses metros a comunidade autónoma dilles que para facer un

colexio necesitan entre 8.000 e 10.000 metros, e con base niso, e pensando que había que recolocar as instalacións de Protección Civil que nestes momentos están nunha nave privada, fixeron a xestión de comprar o terreo.

Cando se comprou o terreo falouse co propietario dese terreo en concreto, que é o que pode pedir a reversión e dixo que el xa vendera e que non tiña ningún interese en pedir a reversión. Aínda non se ten feito nada, porque aínda están en trámites, xa que houbo algúns problemas coas valoracións dalgúns propietarios, pero ese é un terreo que poden dicir que sobra do espazo que estaba marcado para o colexio.

Conclúe dicindo que a idea é ceder sobre 12.000 metros á comunidade autónoma e o resto, uns 4.000, para Protección Civil, e que xa se ten falado coa familia antes de tomar a decisión.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, pregunta se iso consta por escrito ou consta só na cabeza do Sr. alcalde.

O Sr. alcalde contesta que a súa cabeza está moi asentada.

Don Felipe Andreu Barallobre sinala que non di o contrario, e que non o dixo nese sentido, senón porque dentro de 4 ou 5 meses parece que xa decidiu non presentarse como candidato e haberá outro alcalde.

O Sr. alcalde sinala que esa parcela, eses 8.000 metros, son da familia César Cubeiro. Con eles falouse e iso está acordado. Como non teñen aínda a escritura, tampouco esixiron iso, xa que di que hai persoas que teñen palabra, e el non dubida que esa familia si a teña.

Di que aí están, e que non hai ninguén que poida entrar nesa parcela, porque é dunha soa propiedade, e o Sr. Felipe como avogado, sábeo. Está aí e para el a palabra desa familia vai a misa. Cando se faga a escritura farán o que hai que facer.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que a el encántalle que a palabra dunha familia vaia a misa e que despois, cando o Sr. alcalde fala con outras familias porque teñen un problema en Cecebre, esa palabra non sirva para nada.

O Sr. alcalde manifesta que non pode dicir o que non sabe desa familia e del. Di que iso é o que non lle permite, que mentir ou contar barbaridades pode ser o seu oficio, pero o que el falou con esas familias, o Sr. Andreu non o sabe. Polo tanto, pídelle que cando se dirixa a el nese tono, que teña a certeza do que está dicindo. Falsealo é moi bonito para o Sr. concelleiro, iso é algo que leva facendo dende hai catro anos, non di nada, pero iso o di. Insiste en que o Sr. Andreu non estaba nesa conversación que tivo con esa familia, e di que ata aí chega, non máis. Pídelle que polo menos sexa respectuoso, cando, por

outra banda, non estivo presente nesas reunións.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que el é moi respectuoso, pero que o Sr. alcalde sabe que sobre esa parcela hai unha reclamación de varios millóns de euros, e el non quere que ese problema lle caiga á próxima corporación.

O Sr. alcalde sinala que agora estalle falando dun problema doutra familia, pídelle que non mesture os temas, que se colle primeiro a un mentiroso que a un coxo.

Don Felipe Andreu Barallobre reitera que o que el non quere é que esa reclamación de varios millóns de euros recaiga sobre o Concello de Cambre, nunha corporación que o Sr. alcalde non vai gobernar.

O Sr. alcalde pide que pase á seguinte pregunta.

O Sr. Andreu Barallobre sinala que cando algo non interesa

3ª A Consellería de Sanidade vén de aceptar a cesión realizada por este pleno para a construción dun novo centro de saúde no Temple, se ben, non temos ningunha constancia de que este concello teña realizado ningunha xestión para reclamar aos propietarios da parcela para que inicien os traballos de urbanización aínda que xa finalizou o prazo previsto no proxecto para facelo. Que pensa facer o goberno local para que a Xunta poida iniciar a redacción do proxecto para a construción do novo centro de saúde?

O Sr. alcalde contesta que isto o contestaron cre que foi hai tres meses. O concello conta cun aval para as obras de urbanización. Cando estiveron aquí os técnicos da comunidade autónoma, preguntáronlles se era bo urbanizar antes, ou cando foran a comezar a obra. Dixeron que ían facer o proxecto, e que unha vez o tiveran feito, que o falarían, porque probablemente o edificio leve soto, e se hai que facer beirarrúas podían verse prexudicados. En todo caso, o concello segue mantendo o aval para facer as obras, e cando a comunidade autónoma llelo comunique, poñeranse a facer as obras de urbanización que crean eles que deben facer, á parte das que ten o concello marcadas no plan, que xa teñen os servizos técnicos municipais.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 16963 o día 20 de novembro de 2010, xunto coa moción e os rogos presentados para este pleno.

1ª En varias ocasións, o noso grupo municipal ten salientada a falta de sinalización nas instalacións deportivas de titularidade pública do concello. A pesar do tempo transcorrido e das promesas dos responsables do goberno, na actualidade aínda non se

deu cumprimento ao solicitado.

Pode informarnos o responsable da área do motivo ou motivos para non dotar ao noso concello de carteis informativos indicando as instalacións deportivas que carecen de sinalización?

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que algunhas delas están sinalizadas, pero noutras, por falta de orzamento, estanse atrasando. Di que se pensan incluír nos próximos orzamentos.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, pide que o Sr. concelleiro lle diga cales son as que están sinalizadas. O que non quere é que, unha vez máis, despois de traer por cinco veces consecutivas ao pleno este problema se vaian de rositas como sempre. Non o vai consentir, pide que lle diga cales están sinalizadas e non como a outra vez que lle dixo que había que pedir informes técnicos e informes á Policía Local.

Di que hai instalacións deportivas, como é o campo de fútbol do Sporting Cambre, o campo de fútbol do Once Caballeros, o campo de fútbol en Lendoiro-Cecebre, ou outras instalacións, ás cales se refería unha moción que presentou EU-IU, como pode ser o centro de saúde do Temple, que non é unha instalación deportiva, e que están sen sinalizar. Quere que se lle diga cales están sinalizadas e que se vai facer para sinalizar o resto.

Don Jaime Manuel López Lisnier explica que no campo Dani Mallo, debido ás obras que hai, no seu día decidiuse non sinalizalo ata que se remataran as obras que van cara ao cemiterio e cara ao campo de fútbol. No campo de fútbol de Lendoiro buscouse unha colocación, pero agora pensando no POS, en poder facer a ampliación da estrada para algo similar, estaban vendo se se poñía nun lado ou noutro da estrada, ou nos dous lados á vez. Di que iso é o que hai.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que ninguén pode ignorar, e de todos é sabido, que Cambre viviu e está vivindo un proceso urbanístico importante, onde hai diversas instalacións que merecen a súa sinalización, como hai noutros concellos máis ou menos do mesmo tamaño que Cambre. En Cambre non deben ser unha excepción, xa dixo aquí unha vez, neste pleno, que chega xente, que chegan autobuses para ir ao campo de fútbol Dani Mallo e que teñen que ir á estación ou a Sigrás a preguntar porque non hai un indicador. Iso xa o dixo hai máis dun ano, cando pediu aínda que só foran unhas indicacións provisionais.

Di que hai pouco había unhas indicacións, que non eran precisamente dos polideportivos, aí no centro, no Cruceiro, que desapareceron non sabe por que motivo. No sitio onde estaban hai metido un cono de sinalización, non sabe quen as levou, se foi un camión ou que. O que quere pedir unha vez máis é que non prorroguen esta

necesidade e que lle dean servizo.

Pídelles compromiso e seriedade, pero sobre todo eficacia. Di que a seriedade non existe, e pon como exemplo que o martes pasado houbo comisións informativas neste mesmo salón de plenos, a porta pechada, e como é habitual EU-IU presentou iniciativas, debe ser o único grupo que ultimamente o fai nas comisións, e ao seu grupo o outro día mentíronlle, porque faláron, tamén por terceira o cuarta vez, da sinalización dun paso de peóns en Sigrás. Efectivamente o concelleiro deu a súa argumentación, máis ou menos respectable, de que non era o máis axeitado poñer o paso de peóns porque había que facer unha rotonda, pero tamén faláron da sinalización vertical, e dende o goberno se lle contestou que había ese tipo de sinalización. Quere dicirlles aos señores do goberno que en Sigrás non existe sinalización vertical que indique onde está o instituto, onde os coches teñen que reducir a marcha, ou apercibindo que hai unha instalación escolar, non existe. El preocupouse do tema, repetiuno dúas veces, moitos dos concelleiros do goberno afirmárono, outros asentían coa cabeza e el, prudente, calou a boca. Di que foi a comprobalo e non existe sinalización, e os señores do goberno deberían de sabelo, e tiveron tempo, porque noutro pleno xa lle dixeron a el que o do paso de peóns era complicado, pero que con recursos propios se ían poñer as indicacións verticais. A día de hoxe, e van máis de dous anos, están sen poñer.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que, con todo o respecto para a vehemencia do Sr. Taibo, unha cousa é que poida dicir que houbo unha equivocación e outra cousa é acusar de mentir. El non sabe se nos últimos días, por algunha razón, un poste sinalizador con bandeirolas que indicaban varias instalacións que están alí no instituto, desapareceu. Non lle di que non, pero ata non hai moito había, subindo dende a ponte das Insuas á man dereita, un poste sinalizador con varias bandeirolas entre as cales estaba indicado o instituto David Buján e o polideportivo que alí se atopa. Di que iso existía e que o Sr. Taibo pode dicirlle que foi onte a velo e que non estaba, vai crelo, e non vai dicir que conta unha mentira, pero será porque desapareceu por algún motivo e van investigar por que foi. Pero el é usuario dese instituto, os seus fillos van a ese instituto, e o martes tiña toda a consciencia de que esa sinalización existía, e non posta por el como concelleiro, senón que levaba anos alí colocada.

Di que o Sr. Taibo ten razón co tema da sinalización, pero que non hai que poñerse así. Faltan moitas cousas por sinalizar, cousas bastantes peores, porque se para un coche ou un autobús aquí no Adro para preguntar onde queda o campo de fútbol municipal, non é grave, porque calquera lle pode indicar o camiño, é moito peor que vaia un coche de mercancías a levar un paquete a Sta. M^a de Vigo e que pregunte polo Tuíño ou pola Veiga, porque non hai maneira, ou que se meta nalgún dos rúes de Bribes, no Vilar, etc., porque iso si que é imposible, e alí non vai ter a ninguén a quen preguntar.

Di que teñen moitos problemas de sinalización e hai que gastar moito diñeiro e moito esforzo en sinalizar ben o concello, todas as cousas. Algunhas das que di o Sr. Taibo,

efectivamente, son importantes, o campo de fútbol Dani Mallo ten a súa sinalización prevista dentro do proxecto que se está executando agora mesmo de ampliación da estrada do cemiterio, pero mentres non acabe esa obra precisamente os sinais son o último que se coloca. No campo de fútbol de Lendoiro, o mesmo, efectivamente puido estar posto antes, pero dentro do proxecto que acaban de aprobar hoxe vai o proxecto de sinalización, tanto para a seguridade como de indicadores, vai incluído, e se non vai, incluíranos, porque é unha cousa pequena.

Continúa dicindo que o resto das cousas irán facéndose pouco a pouco. Nestes días estase rematando de poñer todo un plan de sinalización turística, onde están sinalados os elementos máis significativos, precisamente para a xente que vén de fóra, non para a de aquí, sinálase onde está a oficina de turismo, onde están as igrexas, por onde se vai á senda do río Mero, á Fundación Wenceslao Fernández Flórez, etc., como trinta ou corenta puntos do concello indicados en todas as estradas, en todos os cruzamentos. Di que todo iso é sinalización, cre que se está traballando, e que claro que faltan moitas, pero non hai que poñerse así, porque algunhas xa están, e o do instituto dos Campóns vai comprobalo el, hoxe mesmo pola noite, cando marche de aquí, porque ese sinal existía ata hai uns días, a ver se é que o roubaron.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que non vai discutir a preferencia porque, ao mellor, efectivamente hai cousas que son máis interesantes que outras, pero di que a el o que lle molesta é que lle tomen o pelo, porque leva dous anos seguidos traendo esas iniciativas e díselles que están en proxecto, que se van facer, como fai un pouco se lle dixo tamén, e iso non o pode consentir. Di que o que si lle asegura é que, antonte, faláron dun sinal que apercibía de que había un centro de ensino alí, e o que lle di e que non está, cando antonte se lle afirmou nas comisións outra cousa. Di que el calou porque igual pasaba como con outra pregunta que fixo respecto doutra cousa e se instalou o mesmo día, e por iso calou a boca.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo pide ao Sr. Taibo que, en todo caso, recoñeza que iso non era unha mentira, o sinal estaba alí, e aínda lle vai ensinar fotos del.

2ª As obras do local sociocultural de San Lourenzo, semellan estar rematadas.

Para cando ten previsto o goberno abrir as instalacións para que os veciños/as poidan facer uso delas?

En que condicións vai ser cedido ou utilizado o mencionado local?

Dona Erundina Prado Arcay contesta que a semana pasada houbo unha reunión en Alcaldía con veciños de San Lourenzo e está prevista outra reunión para a semana que vén. Di que está próximo a abrirse, pero de momento ten algúns problemas, e gustaríalles ter máis saneada un pouco a entrada, ter cambiado o parque, hai algo de

humidade no local, e queren ter contemplados todos eses problemas, para que cando se inaugure, se faga en perfectas condicións.

Di que a cesión de uso farase de acordo ao regulamento de uso e será algo que discutan cos veciños para chegar a un acordo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que se alegra de que teñan previsto cambiar o parque infantil, porque xa o seu grupo comentara, cre lembrar que foi nun rogo, que está debaixo dunhas liñas, cre que de media tensión, polo que se alegra de que estea previsto cambialo. Por outra parte, pregunta con quen foi a reunión cos veciños.

O Sr. alcalde contesta que coa asociación de veciños.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregunta se existe neste momento unha asociación de veciños legalmente constituída en San Lourenzo, capaz de facerse cargo do local.

O Sr. alcalde contesta que aquí pediu a entrevista o presidente da asociación de veciños, e viron dous señores.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que el fai a pregunta porque esa asociación vaise facer cargo das chaves dunha instalación de titularidade municipal, que ao mesmo tempo é unha responsabilidade, por iso pregunta se agora mesmo está funcionando a asociación de veciños, se está legalmente constituída ou se ten algún problema.

O Sr. alcalde contesta que o comprobarán.

3ª O saneamento en varios lugares do concello é unha das preocupacións que os distintos grupos teñen formulado con insistencia ao longo da lexislatura. Unha vez máis o noso grupo pregunta:

Para cando está previsto poñer en servizo o saneamento en San Lourenzo, en Anceis?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que os tramos de saneamento que se fixeron en Anceis, no Drozo, xunto co de Piñeiro na parroquia de Brexo, forman parte do paquete do POS 2007, no que se fixo unha rescisión de contrato coa empresa adxudicataria e que se conseguiu retomar a obra en xaneiro deste ano. A obra rematou en maio, cre que foi o 30 de maio cando foi definitivamente certificada, e a partir de aí, a empresa que resultou novamente adxudicataria está facendo a tramitación con Fenosa das acometidas dos bombeos. Di que son tres saneamentos que funcionan non por gravidade, senón con estacións de bombeo, e que teñen que ter unha alimentación eléctrica independente para o seu funcionamento.

Conclúe dicindo que están neses trámites, que non lle pode dicir exactamente a data, pero que en principio todos os datos que teñen é que os controis de calidade sobre a execución das obras, tanto a compactación, a impermeabilización do colector, así como as propias salas de bombeo son correctos, e o que queda é simplemente darlles alimentación eléctrica, e ese é un traballo que está facendo a empresa que foi adxudicataria da execución da obra. Agardan que sexa proximamente, non lle pode dar a data concreta, pero están traballando niso.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, sinala que é unha obra que leva practicamente toda esta lexislatura, e pensa que xa vai sendo o momento de que os veciños poidan contar con ese servizo.

Preguntas do GM (PG) presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 17009 o día 22 de novembro de 2010.

1ª O Concello de Cambre é titular de distintos terreos en varias parroquias do municipio. Moitos deles están nun estado de abandono total e absoluto.

Ten pensado o goberno municipal aproveitalas para algo máis rendible que a produción de maleza?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que ten toda a razón, que efectivamente hai unha parte do que son terreos de titularidade municipal que non están coidados como é debido. Hai un tema orzamentario, xa que dentro da contratación externa que se fai para a roza de camiños municipais leva unha cantidade importante de diñeiro, pero non alcanza para o que é todo o conxunto dos terreos.

Di que o que se fai é acudir moitas veces baixo demanda veciñal, ou cando chega xa a unha situación que non se pode deter máis tempo. O ano que vén intentarán incluír eses traballos no contrato de roza municipal, para que se faga o mantemento. Di que iso é certo, que todos son conscientes, pero tamén hai que ser conscientes que eses traballos se fan tendo diñeiro para podelos acometer. Farán esforzos por intentalo.

Continúa dicindo que algúns dos terreos estanse facendo con intervencións da propia brigada municipal, ás veces con persoal de Protección Civil. Dentro do plan de cooperación que se financia con persoal hai dous obreiros agora mesmo contratados, que están facendo traballos de limpeza en espazos públicos, terreos municipais, no contorno dos lavadoiros que son públicos, e deben estar practicamente acabando de reparar todo o concello, pero queda moito por facer e seguirán intentándoo.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), sinala que hai pouco que o Sr. alcalde, a unha pregunta referente á limpeza dos terreos privados, dixo que hai unha

morea de expedientes sancionadores. El xa o pediu hai dous meses no pleno, que por favor os limparan, porque senón pregunta con que cara vai ir o concello a dicirlle aos veciños que limpen as deles. Algunhas máis ou menos poden pasar, pero noutras os toxos son enormes. Fai falta ir canto antes.

2ª Despois de que se reunise o pleno do Consorcio As Mariñas para aprobar unha proposta sobre o trazado da vía Ártabra.

Pode o goberno municipal explicarnos en que termos, tanto positivos como negativos, vai afectar aos veciños de Cambre?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que foi el quen estivo acudindo a algunhas destas reunións, foi un tema que saiu amplamente na prensa, e que durante o mes pasado xa comentaron en varias ocasións, tanto en pleno como en comisións e xunta de voceiros.

Di que a última parte do proceso cre que xa saben cal é, que é unha reunión do Consorcio As Mariñas na que se acordou un documento que lle foi presentado ao conselleiro ao seguinte día da reunión. Por parte do conselleiro recibíronse a primeiros do mes de novembro sendas cartas, tanto o presidente do Consorcio, como na propia Alcaldía de Cambre, nas que o propio conselleiro reconece que froito desa reunión vai revisar a proposta de acceso á autoestrada na Gándara, e que en todo caso o que lles pide de novo é a confirmación da posición do concello con respecto á proposta que a Xunta ten aprobada dende o ano 2009.

Conclúe dicindo que así é como está a situación e que el cre que nos próximos días se lle remitirá toda a documentación, para que quede claro cal foi a posición sucesiva que foi adoptada polos diferentes órganos do concello, fundamentalmente polo pleno do Concello de Cambre, con respecto a este tema.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que o que está claro é que aquí se tiñan presentado unhas alegacións propoñendo determinados temas, entre outros unhas entradas que deran servizo á maioría de veciños de Cambre, pero polo que el entende na carta ou proposta que se fixo, o que se pretendía era que dende a AP-9 á A-6 fose autovía, e iso el cre que non era o que tiñan acordado os grupos que conforman esta corporación. El cre que non tiñan falado de que iso fose autovía, xa que de ser así, está claro que as entradas e saídas que poidan incluírse van ser mínimas e, polo tanto, o que lle vai beneficiar aos veciños de Cambre vai ser ben pouco. Por iso el preguntaba se é que cambiou o pensamento do goberno, xa que antes non lles valía unha autovía, querían que fora unha vía rápida pero que tivera accesos, e se vai ser unha autovía entón a maior parte dos accesos, loxicamente, quedan anulados. Pregunta como quedou ese tema.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que eles non cambiaron de idea, nin o goberno, nin cre que ninguén desta corporación, o que pasa é que hai que saber cal é o ámbito no que ten capacidade de decisión cada quen, onde o concello e onde a consellería. Quen aproba que iso sexa unha autovía é a Xunta de Galicia nunha resolución executiva do ano 2008, iso está aprobado. O concello o que fixo foi aprobar un documento de alegacións, dicíndolles que ao trazado, si, pero que no 2006 pediron ao concello unha proposta cunhas características e resulta que presentan un proxecto a exposición con outras. Por iso fixeron alegacións, que foron aprobadas por unanimidade, nas que basicamente o trazado é o mesmo, pero cambian as características da vía. Pero di que quen aproba iso non é o Concello de Cambre, aquí poden dicir o que queiran, pero é a Xunta a que ten a competencia.

Segue dicindo que o que non lles gustou, non foi o modelo de vía, senón que precisamente por aplicar ese modelo de vía había un enlace en Coído que se suprimía e xustificaban tecnicamente polas características. Non lles gustaba a proposta de peaxe na Gándara que metían. Non lles gustaba tampouco que determinadas intervencións no territorio fixeran uns cortes, unhas zanzas enormes, e por iso pedían que foran falsos túneles. Non lles gustaba que se anulasen servizos, camiños, augas, etc. e pediron que se recolleran. Por todo iso foi polo que presentaron alegacións.

Cando a Xunta resolve todas as alegacións da exposición pública, e o aproba, e toma xa unha decisión executiva, ven que no DOGA se recollen unha parte importante das alegacións que Cambre presentara naqueles 19 folios, pero hai outras, tamén importantes, que non as recollen. Non recollen o tema do enlace no Coído, non recollen a súa protesta para o enlace na Gándara, e non recollen os catro accesos que pedían dende o concello, nos dous sentidos, no cruzamento de Catro Camiños.

Di que el cre que hai unha boa noticia, xa que o propio concelleiro despois da reunión cos alcaldes recoñece que vai facer un novo estudo que lle vai presentar a Fomento, cambiar o proxecto nese sentido, para que en vez de ser na Gándara, con toda esa historia que se montaba, se poida facer alí. Pero son eles os que din que é autovía.

Agora o que lles preguntan é pola proposta de trazado, e cre que niso ninguén no concello cambiou a súa posición, que era enlazar a subida á costa da Lapa, cara a Sta. M^a de Vigo, na estrada provincial, con Catro Camiños e logo coa conexión ao polígono de Espírito Santo. Di que esa foi a proposta na que todos estiveron de acordo xa dende o ano 2006, e iso foi o que por parte deste goberno se mantivo. Outra cuestión, e así o teñen dito no Consorcio, e el cre que o propio alcalde llo dixo ao conselleiro, é que o que non queren é que se suprima o trazado, que se suprima iso do plan viario comarcal. Poden entender que por cuestións orzamentarias, porque están en crise, hai determinados prazos que haxa que aprazar, iso poden entendelo, pero o que non queren é que se suprima o do plan viario. Vanse tardar 2 ou 3 anos máis en poñelo en servizo, poden entendelo, pero que non a quiten de aí.

Tanto el como o Sr. alcalde pediron nas reunións que a Cambre non lle quiten o dereito a seguir manifestando o seu acordo ou desacordo con determinadas cousas, por exemplo, queren seguir reclamando o enlace no Coído, sexa autovía, sexa vía rápida, ou sexa como sexa. Eles queren que esa vía teña un enlace alí, que os traten exactamente igual que fan co Concello de Oleiros, onde por certo tamén é autovía e, non obstante, non teñen problema con esas normas das distancias mínimas para ter enlaces, cando ata Meirás é autovía tamén. Di que iso é o que piden, o que xa falárono no 2008, falárono no 2006 e seguen a dicilo agora. O primeiro de todo é que non se suprima o trazado, o plan viario comarcal é fundamental e estratéxico, para Cambre e para todo o conxunto da comarca, e a partir de aí piden que lles deixen defender os intereses particulares, que os teñen, que son lexítimos, e que son os dun mellor servizo e unha mellor atención ao Concello de Cambre.

Conclúe dicindo que esa foi a posición que eles defenderon e que non confundan, non é Cambre quen vai facer a vía Ártabra, quen a vai facer é a Xunta, é unha decisión executiva da Xunta, é un plan viario declarado de interese supramunicipal e, poña como se poña o concello, vai a misa. Hai que marcalo no planeamento municipal, teñen que facer as reservas de espazo suficientes, pero quen vai a executalo é a administración competente que o ten asumido, neste caso a Xunta de Galicia.

Don Manuel Marante Gómez di que todo iso el xa o sabía, non facía falta que lle explicase que é a Xunta de Galicia quen o fai. El referíase a que como non hai moito tempo tiveron a xuntanza os representantes dos concellos no Consorcio, preguntaba como fora ese acordo, xa que na carta do conselleiro pon que entre a AP-9 e a A-6 vai ser unha autovía. Por iso preguntaba se estaban de acordo en que fora autovía ou se ían seguir defendendo que, sexa o que sexa, recolla as iniciativas e alegacións, polo menos as que máis afecten aos servizos para os veciños.

Preguntas da concelleira non adscrita presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 16980 o día 22 de novembro de 2010.

1ª A semana pasada un dos principais diarios da provincia publicaba o incidente xurdido no lugar de Sobreguexe, en Cecebre, entre Xabier Iglesias e a Asociación profesional de xestores patrimoniais por culpa das obras que afectan a unha instalación industrial. Coñecían o alcalde e o concelleiro de Patrimonio aos afectados antes de facerse pública a denuncia? Estiveron reunidos con eles con motivo da obra que se ía realizar?

O Sr. alcalde contesta que el estivo reunido coa familia, hai 3 ou 4 meses.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, pregunta se eran coñecedores de que alí había unha instalación industrial e unha actividade.

O Sr. alcalde contesta que el sabía que había unha nave dende hai moitos anos, e que malo se non o soubese.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín pregunta se tamén sabía que tiña actividade.

O Sr. alcalde responde que co da actividade xa lle entra algunha dúbida, e que o Sr. Iglesias xa o explicou. Di que van intentar botar unha man, pero que hai que ver os pros e as contras. El estivo coa familia, e como xa se dixo antes, cando non se está presente nunha conversación hai que ter coidado ao falar das cousas, hai que falar coas familias. Di que eles se brindaron á familia no que puideran, así quedou o tema, saíron da reunión, máis ou menos, polo que fora non houbo máis reunións, e aí quedou.

Manifesta que nunca é intención do concello fastidiar á familia. Se hai formas de que se poida prexudicar menos, eles todo o que estea nas súas mans van facelo, e segue aberto a seguir falando coa familia.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín di que aí había unha actividade, e fai semanas que non a hai. Esa familia está deixando de ingresar polo traballo que estaba realizando e non se lle deu o trato de afectado como se lle dá a calquera obra que se realiza.

O Sr. alcalde manifesta que iso o di a Sra. concelleira, que el é moi respectuoso co que falou coa familia, e vai seguir falando cando queiran eles. Di que barallaron posibilidades, pero se esas non interesan, ou non queren, haberá que volver a reunirse, pero, dende logo, o non polo non, iso non vai existir.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín sinala que a opción que o Sr. alcalde lles deu, e que explicou en comisións informativas, era meter uns tubos.

O Sr. alcalde contesta que el falou de que se había que meter uns bombeos, eles colaborarían, con iso ou con outra cousa que houbera que facer. Iso foi o que dixo, el non sabe se a alternativa é meter tubo, un bombeo ou o que sexa.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín di que ela se refire ao que se dixo nas comisións informativas.

O Sr. alcalde di que el dixo que se brindaba ao que houbera que facer, e que non vai falar máis, que falarán coa familia cando queiran, pero con el e coa realidade por diante.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín pregunta que solución hai para esta familia.

O Sr. alcalde responde que os camións non poden entrar.

A Sra. concelleira di que precisamente ese é o problema.

O Sr. alcalde contesta que o problema xa era antes. Antes era un camiño de servizo no que non podían entrar camións, pero facíase. Alí lavábase o leite, que baixaba polo camiño, e nunca pasaba nada porque todo ía pola herba, pero agora hai que buscar outra saída. Os lavados ao mellor teñen que ir ao saneamento, non poderán baixar polo cemento.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín sinala que o problema que ten a familia é que o camiión non vai poder acceder, e a solución que dá o concello é poñer un bombeo.

O Sr. alcalde contesta que esa pode ser unha solución.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín di que no proxecto, que ela lembre, nunca se contemplou o peche do camiño, e aquí o que se está facendo é pechalo.

O Sr. alcalde di que non se pecha o camiño, que o camiño segue sendo peonil, como era.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín di que, como xa comentaron antes algúns compañeiros, o camiño era algo máis que peonil e o goberno municipal era consciente. Se non se podía realizar ese tránsito, pregunta por que o permitiron todo ese tempo.

O Sr. alcalde contesta que ela foi concelleira tamén, e que ninguén dixo nada, porque loxicamente hai moitas cousas na vida que non están legais, pero foi o sustento durante moitos anos dunha familia e non había por que curtalo se se podía manter.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín di que agora se curta.

O Sr. alcalde responde que non, que fai tempo aí existía un traballo e vivía a xente, agora hai que modificalo, hai que amañalo, hai que actualizalo, pois hai que facelo. Iso antigamente era dunha familia, o mantiña a familia, logo outra familia, agora outras xentes, pois ben, ao mellor é un negocio que vai escalonando onde hai que dicir ata aquí se chegou, e ata aquí hai que cumprir, e se para seguir tendo beneficios hai que facer un investimento máis forte, haberá que facelo, e niso é no que eles van colaborar, nada máis.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín pregunta por que ten que facer un cambio a familia por unha obra municipal.

O Sr. alcalde manifesta que é unha obra que está aprobada polo concello, pola Sra. concelleira tamén e, polo tanto, aí está.

A concelleira non adscrita di que polo que ela lembra nunca se curtaba o camiño.

O Sr. alcalde dille que o proxecto que se aprobou non se modificou, que el saiba.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín sinala que o outro día en comisións dixo que si que se tiña modificado o proxecto ao que puxo trabas Patrimonio.

O Sr. alcalde explica que se modificou antes de meter este proxecto, este que aproban é o que aprobaron todos.

A Sra. concelleira pregunta se é igual e se a obra que se aprobou é igual que no proxecto.

O Sr. alcalde contesta que si, que el saiba, si.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín pide que llo confirme.

O Sr. alcalde di que para el é totalmente igual.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín manifesta que non se respectan os dereitos dos afectados nesta obra.

O Sr. alcalde dille que iso é o que ela di.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín sinala que é a realidade, non se está respectando para nada ao afectado.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, solicita intervir, xa que se fixo alusión ás comisións do outro día. Explica que o seu grupo, o outro día, presentou este mesmo rogo en comisións, e o que se lle contestou por parte do alcalde, entre outras cousas, foi que esas instalacións carecían de licenza de obra, e tamén carecían de licenza de actividade.

O Sr. alcalde contesta que todo iso está claro, e que diso falarán coa familia, porque cando hai un problema haberá que solucionalo, pero haberá que falalo cos interesados, porque os de fóra vén as cousas como as queren ver.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que xa non ten moitas ganas de seguir falando dun tema que el cre que está perfectamente claro, pero si quere puntualizar, para que quede constancia na acta, de que a propia formulación da pregunta el debe replicala.

Di que iso de que a semana pasada un dos principais diarios da provincia publicaba o

incidente xurdido no lugar de Sobreguexe, en Cecebre, entre Xabier Iglesias e a Asociación profesional de xestores patrimoniais por culpa das obras que afectan a unha instalación industrial, iso é todo absolutamente falso e mentiroso. A semana pasada el non tivo nin o máis mínimo incidente nin en Sobreguexe, nin en ningún sitio, e descoñece totalmente que esa fantasma Asociación profesional de xestores patrimoniais, da que por certo unha vez o viu reflectido na prensa, buscou en internet, e non aparece reflectida absolutamente en ningún sitio. Di que lle gustaría saber exactamente que é iso, pero que desminte de maneira rotunda que tivera ningún incidente en Sobreguexe con ninguén, e moito menos cunha fantasmagórica Asociación profesional de xestores patrimoniais que vén citada na prensa. Iso é mentira e falso.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín manifesta que ela fixo a pregunta en alusión ao que viu na prensa a semana pasada, o 17 de novembro.

O Sr. Iglesias contesta que como tal o desminte.

O Sr. alcalde pide que dea lectura á pregunta número 2.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín pregunta se non pode seguir co tema.

O Sr. alcalde contesta que non, que xa está feita a pregunta e que xa lle contestou, que si, que se reuniran coa familia, e non hai máis. Contestou ao que se lle pregunta, e non se pregunta polos temas que se trataron coa familia.

2^a En que punto de revisión está a ordenanza presentada por varias asociacións veciñais sobre as licenzas e obras menores? Cando se traerá para a súa aprobación polo pleno?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que este é un tema que se tratou estando el de alcalde accidental, no mes de agosto, e di que tal e como se comprometeron, a documentación pasouse aos servizos de Urbanismo para que foran estudando esa posibilidade. Di que están traballando no asunto, hai a intención de que a finais de ano, se é posible, se poida presentar polo menos algún esbozo, algunha proposta que dea lugar a esa nova ordenanza. De todas maneiras, e polo que comentou co Sr. alcalde e co xefe da área de Urbanismo, teñen a opinión de que a lei, que xa está en vigor, polo menos no aspecto do que son as actividades, non do que son as obras menores, senón só respecto das actividades inocuas ou algunhas clasificadas, pero de nivel de molestia baixo, incluso bastaría unha circular interna, unha instrución interna municipal, para poder comezar a aplicar o que recollen esas ordenanzas que se están aprobando, ou no sentido que recolle a propia lei.

Di que, en todo caso, para facilitar os trámites para as obras menores, que tamén era a intención, aí si que sería necesario facer unha ordenanza. Todo iso está pasado ao departamento urbanístico e xurídico, que é o que ten que elaborar precisamente esa

ordenanza, e hai a intención de que cara a finais do ano poida estar, polo menos, unha primeira aproximación para debater.

3ª Na zona de Castrobó hai unha parada de autobús, varios veciños presentaron un escrito para que se cambiara a situación da marquesiña, xa que supón unha falta de seguridade para os usuarios do transporte público e resta visibilidade ao resto dos vehículos que circulan por esa vía. Despois de máis de dous anos de espera non se solucionou este problema, cando pensa o grupo de goberno dar unha solución a estes veciños?

Don José Francisco Parcerero Rial contesta que el descoñecía o tema desta marquesiña. Di que lle preguntou aos técnicos e que parece que non é o sitio máis adecuado onde está situada. Comprométese a miralo e estudalo.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, sinalalle que é máis, que xa ten bastante axilizado o tema, porque xa hai informes tanto dos técnicos de seguridade viaria como dos técnicos do concello, nos que se fixa a situación da marquesiña, o que pasa é que nunca se puido levar a cabo o cambio. Pregunta se o Sr. concelleiro se compromete a que a finais de ano a marquesiña vai estar habilitada na zona que agora se usa de aparcadoiro, mal usado.

Don José Francisco Parcerero Rial contesta que o mirará.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín pregunta se se compromete.

Don José Francisco Parcerero Rial responde que non se compromete, que se se pode cambiar, que se cambiará, e punto. Ademais di que ese tema levouno a propia Sra. concelleira, e tampouco o cambiou.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín explica que precisamente este tema o levou ela, e que lle pregunte ao Sr. alcalde por que non se cambia a marquesiña, que ela xa o fixo no seu tempo, e que agora llo pregunte o Sr. Parcerero.

O Sr. alcalde manifesta que é fácil preguntar e botar balóns fóra.

A continuación, e antes de levantar a sesión, o Sr. alcalde informa que chegou unha carta do comité de empresa de Cerámicas O Castro, onde di que o venres día 26, ás 17:00 horas, fan unha manifestación, porque parece ser que a través dunhas subvencións da comunidade autónoma deron un millón de euros para a empresa de cerámica en Lugo e, pola contra, non deron nada para O Castro, por iso se senten un pouco discriminados e piden o respaldo da corporación.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia